

destinadas a persoas retornadas e inmigrantes e se procede á súa convocatoria (*Diario Oficial de Galicia* nº 51, do 12 de marzo).

Aplicación orzamentaria: 04.50.312C.481.0.

Crédito orzamentario: 300.000 €.

Relación das entidades beneficiarias e do importe da axuda concedida a cada unha delas, por orde alfabética: figura no anexo que forma parte desta resolución.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2008.

Manuel Luis Rodríguez González
Secretario xeral de Emigración

ANEXO

Relación das entidades beneficiarias e importe da axuda concedida a cada unha delas: por orde alfabética:

ENTIDADES BENEFICIARIAS	CONTÍA SUBVENCIÓN
ASOC. ACC. EDUCAC. PERMAN. y SERV JUV y MUJER TEMPUS	8.200 €
ASOC. EMPRESARIAL DE TRANSPORTES DE MERCANCIAS POR CARRETERA (APETAMCOR)	3.000 €
ASOCIACIÓN DE ALUMNOS Y EXALUMNOS DEL CENTRO SAN PABLO E.P.A. (AEXPA)	1.800 €
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE AS CÁNDARAS, PORRIÑO.	9.100 €
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA	15.000 €
ASOCIACIÓN DE MIGRACIONES, ESTUDIOS, TRABAJOS Y ACCIÓN, M.E.T.A.	4.500 €
ASOCIACIÓN DE PROXECTOS GLOBAIS DE INSERCIÓN E INTEGRACIÓN SOCIO LABORAL-ALAR GALICIA	15.000 €
ASOCIACIÓN GALICIA TERRA DE ACOLLIDA	6.400 €
ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN SOCIAL E A INSERCIÓN LABORAL PLATAFORMA POLO EMPREGO	9.400 €
ASOCIACIÓN PARA EL DESARROLLO SOCIOCULTURAL, FORMACIÓN Y EMPLEO (ASFEM)	12.100 €
ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE REPARACIÓN Y VENTA DE AUTOMÓVILES Y RECAMBIOS (APREVAR)	15.000 €
ASOCIACIÓN REXURDIR DE ACTIVIDADES SOCIALES	9.800 €
CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	15.000 €
CENTRO SOCIAL SAN XOAN BAUTISTA	7.400 €
CIMO ENTIDADE PRESTADORA DE SERVICIOS	9.700 €
CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)	15.000 €
EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL	5.800 €
FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA	5.900 €
FEDERACIÓN DE INDUSTRIAS AFINES DE UGT	15.000 €
FEDERACIÓN DE PROFESIONAIS E AUTÓNOMOS DE GALICIA	10.700 €
FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓN DE INMIGRANTES FILLOS DO MUNDO	1.800 €
FEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA Y TURISMO DE OURENSE	7.000 €
FEDERACIÓN PROVINCIAL DE MULLERES RURAIS DE OURENSE	6.100 €
FUNDACIÓN CIP	2.400 €
FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES (FESAN)	9.000 €
FUNDACIÓN ÉRGUETE - INTEGRACIÓN	12.100 €
FUNDACIÓN FUERTES	6.500 €
FUNDACIÓN NORTEMPO	9.800 €
FUNDACIÓN PARA A ORIENTACIÓN PROFESIONAL, EMPREGO E FORMACIÓN EN GALICIA (FORGA)	8.700 €
FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA (FUAC)	5.400 €
INSTITUTO DE FORMACIÓN Y ESTUDIOS SOCIALES (IFES)	14.900 €
ONGD ECOS DO SUR	2.700 €
RADIO ECCA, FUNDACIÓN CANARIAS	9.400 €
UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES DE GALICIA (UGT-GALICIA)	10.400 €

Resolución do 18 de xullo de 2008, da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de programas de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.

As políticas de cooperación para o desenvolvemento humano orientadas a unha real superación da

pobreza precisan de iniciativas universais de promoción da solidariedade. Á cooperación internacional propia dos distintos gobernos nacionais únese tamén a vontade de cooperación que xorde de forma descentralizada nas comunidades autónomas e noutras administracións territoriais, así como en institucións ou axentes sociais e económicos diversos que senten como un deber ético común o compromiso de traballar pola consecución dos obxectivos de desenvolvemento do milenio.

Coa aprobación polo Parlamento de Galicia da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, a Comunidade Autónoma de Galicia reafirma este compromiso e asume como propia a responsabilidade de cooperar con outros países para propiciar o seu desenvolvemento integral, contribuír á mellora das condicións de vida dos seus habitantes e aliviar e corrixir as situacións de pobreza e propiciar un desenvolvemento humano solidario e estable, que inclúa maiores cotas de liberdade e unha repartición máis xusta dos froitos do crecemento económico.

A letra b) do artigo 23 desta lei considera axentes da cooperación as organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento, que como entidades con especial dedicación a actividades de solidariedade da sociedade galega cos pobos máis desfavorecidos se constitúen en interlocutores permanentes da Xunta de Galicia.

Así mesmo, en desenvolvemento desta lei, o I Plan director da cooperación galega 2006-2009, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 24 de abril de 2006, refírese a unha cooperación galega transformadora das realidades dos países onde actúa, encamiñada tamén á promoción activa do dereito a un desenvolvemento integral, humano e sustentable das súas poboacións.

Os programas son instrumentos que garanten, a través da coherencia das accións, a definición conxunta cos beneficiarios e a complementariedade con outras institucións, organismos e entidades doantes, un mellor impacto das intervencións de desenvolvemento.

Tal e como se desprende do plan anual 2008, os programas comprenden actuacións dunha maior envergadura que os proxectos, que contarán cun apoio financeiro da Dirección Xeral de Cooperación Exterior superior ao dos proxectos, e que se desenvolverán ao longo dun período temporal dun máximo de catro anualidades orzamentarias. En consonancia coas prioridades establecidas nos plans de actuación por país, créase esta nova ferramenta encamiñada a apoiar procesos de transformación integrais, que incidan sobre as causas xeradoras da pobreza e freen a superación destas nos países en vías de desenvolvemento.

Para recibir financiamento con cargo a esta convocatoria de axudas, as entidades solicitantes deberán

contar coa capacidade financeira, de xestión, social e estratéxica necesaria para executar os programas, tal e como veñen exixindo outras entidades financiadoras públicas españolas que están a empregar este instrumento.

Tendo en consideración isto, deben aprobarse as bases reguladoras para o ano 2008 para a execución de programas de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento de Galicia.

Pola súa vez, procede convocar a concesión de subvencións con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008 de acordo con estas bases reguladoras e que garanten os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

En atención a estes principios e obxectivos, á procura da normalización e simplificación dos procedementos, e conforme a competencia atribuída pola disposición adicional segunda do Decreto 44/2006, do 6 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, establécense estas bases reguladoras

RESOLVO:

Artigo único.

1. Aprobar as bases reguladoras que figuran como anexo desta resolución para a concesión de subvencións a programas de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.

2. Convocar as subvencións con cargo aos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o período 2008-2011 de acordo coas bases reguladoras aprobadas nesta resolución, que se financiarán con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:

04.41.331A.490.0, pola contía máxima total de 1.600.000 euros (400.000 euros no ano 2008, 600.000 euros no 2009, 400.000 euros no 2010 e 200.000 euros no 2011) e 04.41.331A.790.0, pola contía máxima total de 1.800.000 euros (600.000 euros no ano 2008, 600.000 euros no 2009, 400.000 euros no 2010 e 200.000 euros no 2011).

3. Contra estas bases reguladoras e a convocatoria cabe interpoñer os seguintes recursos:

a) Potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa correspondente publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposicións adicionais

Primeira.-Autorízase a directora xeral de Cooperación Exterior para ditar, no ámbito das súas competencias, as instrucións precisas para o desenvolvemento e cumprimento desta resolución.

Segunda.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2008.

Julio César Fernández Mato
Secretario xeral de Relacións Exteriores

ANEXO

Bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de programas de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento

Artigo 1º.-*Obxecto*.

O obxecto destas bases é a regulación da concesión de subvencións ás organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento para a execución de programas no exterior.

Os programas son unha ferramenta de longo percorrido que contribúe á consolidación de procesos de desenvolvemento a medio prazo. Están encamiñados a apoiar procesos de transformación integrais nos países en vías de desenvolvemento, contribuíndo dun xeito efectivo á loita contra a pobreza mediante a promoción dun desenvolvemento socioeconómico e cultural sustentable.

Artigo 2º.-*Presentación das solicitudes*.

1. As solicitudes presentaranse a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e ata o 12 de setembro de 2008.

2. As solicitudes dirixiranse ao secretario xeral de Relacións Exteriores (rúa Feáns, 5 baixo, 15706 Santiago de Compostela), cubertas no modelo que figura como anexo I destas bases reguladoras, por calquera dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e a súa publicación na páxina web <http://www.cooperaciongalega.org>

3. A solicitude irá acompañada da documentación que se recolle nos artigos 6º e 7º destas bases reguladoras e da proposta de programa (artigo 8º), que se presentará no modelo oficial de documento de for-

mulación. A documentación e o documento de formulación serán presentados en orixinal e en soporte electrónico.

4. A falta da documentación a que se fai referencia nos artigos 6º, 7º e 8º destas bases reguladoras impedirá a avaliación da solicitude, se non se procedera á súa emenda dentro do prazo establecido no artigo 11º.

5. A entidade solicitante só poderá presentar unha proposta de programa.

Artigo 3º.-Requisitos que deben reunir as entidades solicitantes.

a) Estar legalmente constituídas, polo menos, con cinco anos de anterioridade á data de publicación desta convocatoria. No suposto que a ONGD sufrise modificación na súa forma xurídica de asociación ou fundación, respectarase a antigüidade sempre que esta circunstancia estea acreditada nos estatutos da nova entidade.

b) Carecer de ánimo de lucro.

c) Ter domicilio social ou delegación permanente en Galicia. Neste último caso, a delegación asumirá a responsabilidade directa na presentación da solicitude e comprometerase ao mantemento da documentación e xestión de todos os procesos na súa oficina de Galicia.

d) Estar inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento, con polo menos cinco anos de antelación ao da publicación desta convocatoria. No suposto que a ONGD sufrise modificación na súa forma xurídica de asociación ou fundación, respectarase a antigüidade sempre que esta circunstancia estea acreditada nos estatutos da nova entidade.

e) Ter realizado nos últimos cinco anos un mínimo de catro intervencións de cooperación para o desenvolvemento, algunha delas, con financiamento da Xunta de Galicia ou cofinanciadas cun mínimo dun 20% por doantes galegos ou con fondos propios da entidade en Galicia.

f) Ter realizado nos últimos cinco anos un mínimo de catro intervencións formativas, de sensibilización ou de fortalecemento da ONGD, algunha delas, con financiamento da Xunta de Galicia.

g) Dispoñer de persoal contratado en Galicia. Por persoal contratado enténdese o persoal por conta allea cuxo empregador é a ONGD e cuxa relación laboral está formalizada mediante contrato laboral sometido ao Estatuto dos traballadores. Como mínimo, na data de publicación desta convocatoria, a ONGD deberá ter unha persoa contratada en réxime de xornada completa.

h) Ter xustificado, se é o caso, e antes da data de presentación da solicitude para esta convocatoria, as axudas recibidas con cargo á anualidade 2006, por

parte da Xunta de Galicia, a outros proxectos en materia de cooperación ao desenvolvemento. Así mesmo, é necesario que se efectuase o correspondente ingreso, nos casos en que, sobre os beneficiarios de axudas económicas, recaese resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.

i) Non estar incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

l) Estar ao día das súas obrigas tributarias, sociais e fiscais e non estar incurso en ningún procedemento de reintegro ou sanción coa Xunta de Galicia sobre axudas, así como non manter ningunha débeda por calquera concepto coa Facenda autonómica.

m) Contar coa capacidade financeira, os recursos humanos e a capacidade operacional suficientes para o correcto desenvolvemento dos programas, acreditándoas nos termos en que establece o artigo 6º. Igualmente será preciso que a entidade responda aos criterios de necesaria solvencia estrutural, organizativa, de resultados e procedementos, na relación co contorno en Galicia e nos países en que actúe, e na xestión económica que se establecen así mesmo no artigo 6º.

Artigo 4º.-Requisitos dos programas.

a) Non estar iniciada a súa execución con anterioridade ao 2 de xaneiro de 2008. Os programas terán unha duración mínima de 25 meses e máxima de 45 meses e, debe estar executada en todo caso a totalidade do programa antes do 1 de outubro de 2011.

b) Inserirse nalgunha das seguintes prioridades xeográficas: América Central (Guatemala, Honduras, Nicaragua e El Salvador); Caribe (Cuba, Haití e República Dominicana); América do Sur (Bolivia, Ecuador e Perú); África (Angola, Cabo Verde, Guinea-Bissau, Mauritania, Mozambique, Namibia e Senegal), os campamentos saharauís, e calquera outro País dos Menos Adiantados (PMA). Dentro destes países, consideraranse exclusivamente, aquelas zonas definidas coma tales nos plans de actuación por país (PAP) que estean aprobados na data de publicación desta convocatoria e que estarán dispoñibles na páxina web oficial da cooperación galega.

c) Inserirse nas prioridades sectoriais coincidentes co establecido exclusivamente nos PAP que estean aprobados na data de publicación desta convocatoria. Para aqueles países nos que non se dispoña de PAP na data de publicación desta convocatoria, consideraranse aqueles sectores establecidos no artigo 8 da Lei galega de cooperación para o desenvolvemento.

d) Contar con contrapartes ou socios locais que participen responsablemente na execución material do programa e na xestión dos recursos, constando expresamente o seu compromiso co programa.

e) Estar cofinanciados, nun mínimo dun 10%, por recursos alleos ás axudas da Xunta de Galicia.

f) Redundar na ampliación das capacidades e as liberdades das poboacións beneficiarias. Os programas deben contar coa participación dos beneficiarios/as no desenvolvemento do programa; non ser discriminatorios por razón de cultura, raza, xénero, relixión ou orixe; e fomentar a igualdade entre mulleres e homes; así como respectar a protección do ambiente.

g) Obter unha repercusión práctica e cuantificable na posta en marcha de procesos que propicien a xeración de cambios de carácter endóxeno nas sociedades onde se vai actuar.

h) Sempre que estas sexan respectuosas cos dereitos humanos, os programas non poderán contradicir as políticas públicas e os obxectivos de desenvolvemento do país, así como as da zona onde se leve a cabo e das comunidades beneficiarias.

i) Axustarse á capacidade de xestión da entidade solicitante e á da súa contraparte, co fin de asegurar a súa viabilidade.

Artigo 5º.-*Condicións de financiamento.*

5.1. A Xunta de Galicia poderá financiar ata un 90% do orzamento total do programa e en ningún caso a subvención concedida será inferior a 300.000 euros e superior a 1.000.000 de euros.

5.2. A subvención concedida distribuirase por anualidades, do seguinte xeito:

-Para os programas que se executen integramente no período 2008-2010: 30% en 2008, 35% en 2009 e 35% en 2010.

-Para os programas que se executen integramente no período 2008-2011: 30% en 2008, 30% en 2009, 20% en 2010 e 20% en 2011.

Así mesmo, nas contías que se soliciten por anualidade haberase de respectar, na medida do posible, un equilibrio entre o gasto correspondente a infraestruturas, equipamentos, compra de terreos e inmoables e fondo rotatorio (capítulo VII) e o resto de conceptos (capítulo IV).

5.3. Os xuros que, se é o caso, xeren os fondos transferidos pola Xunta de Galicia, reinvestiranse en custos directos, de xeito que non poderán ser imputados a custos indirectos.

Artigo 6º.-*Información relativa á entidade solicitante (carpeta 1).*

A documentación exixida presentarase unha soa vez, aínda que se mencione en máis dunha epígrafe.

6.1. Documentación xeral:

a) Certificación asinada polo secretario da entidade referida á:

-Vixencia da documentación relativa á inscrición da entidade no Rexistro Galego de Axentes de Co-

peración para o Desenvolvemento, creado polo Decreto 326/2004, do 29 de decembro. No suposto de que calquera destes documentos carecese de vixencia, achegarase debidamente compulsado, co obxecto de ser incorporado de oficio ao rexistro.

-Se procede, acreditación como ONGD cualificada pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID).

Cando a persoa que formule a solicitude non sexa ningunha daquelas das que se dispón de datos no rexistro, deberase achegar xunto coa certificación anterior, copia compulsada do seu DNI e certificación do secretario da entidade, acreditativa da vinculación que a une coa entidade solicitante.

b) Declaración responsable do representante legal da entidade facendo constar que a entidade solicitante non está incurso en ningún procedemento de reintegro ou sancionador coa Xunta de Galicia por incumprimento das obrigas derivadas da recepción de subvencións e non foi inhabilitada para obtelas segundo modelo que figura coma anexo II.

c) Declaración asinada polo representante legal da entidade en Galicia de que esta está ao día das súas obrigas tributarias e sociais perante as distintas administracións e facultando o órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

d) Declaración responsable do representante legal da entidade en que se precisen outras axudas solicitadas de entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.

6.2 Documentación específica (destinada a contrastar a capacidade da entidade solicitante para executar programas):

6.2.1. Bloque temático cuantitativo.

Inclúe os aspectos da capacidade financeira, os recursos humanos e a capacidade operacional da entidade solicitante.

Capacidade financeira:

1. Balance e conta de resultados anuais en Galicia, elaborados segundo o Plan Xeral de Contabilidade adaptado vixente, correspondentes, como mínimo, aos dous últimos exercicios económicos.

Recursos humanos. Relación de acordo co modelo que consta no anexo III.

1. Número de traballadores/as que integran o cadro de persoal medio en Galicia en cada un dos últimos dous anos.

2. Número de traballadores/as na data desta solicitude en Galicia.

3. Número de traballadores/as por posto, indicando a tipoloxía do contrato e se o posto é permanente ou non na estrutura da ONGD.

4. Número de voluntarios/as da entidade en Galicia nos dous últimos anos.

5. Número de socios/as da entidade en Galicia nos dous últimos anos.

Capacidade operacional. Relación de acordo co modelo que consta no anexo IV.

1. Volume de programas e proxectos no exterior, así como actividades formativas, de sensibilización e de consolidación e fortalecemento realizadas en Galicia, nos últimos cinco anos.

2. Antigüidade na actividade de cooperación para o desenvolvemento.

3. Ámbitos xeográficos de presenza.

4. Ámbitos sectoriais de presenza.

6.2.2. Bloque temático cualitativo.

Inclúe os aspectos da estrutura, a organización, a actividade, a relación co contorno e a xestión económica da entidade solicitante.

Estrutura:

1. Documentación da planificación estratéxica da entidade en Galicia na cal se encadra a proposta de programa, explicitando a metodoloxía da súa elaboración, a planificación de accións, a súa vixencia temporal e o órgano de goberno que a aprobou.

2. Documentos que expliciten os sistemas de toma de decisións e participación da entidade en Galicia.

3. Documento que explique a misión, visión e valores da entidade e o seu proceso de definición, quen participou nela e a súa forma de difusión.

4. Documentación que explique os códigos de conduta, boas prácticas e bo goberno subscritos ou asumidos pola entidade solicitante.

Organización:

1. Sistemas ou modelos de calidade implantados ou en proceso de implantación da entidade en Galicia, de xeito que poida valorarse a existencia de certificación de calidade. Cando menos farase indicación da secuenciación de tarefas nos seguintes procesos:

-Xestión de proxectos e/ou programas: operacional, administrativa e económica.

-Avaliación de proxectos e/ou programas.

-Procedementos informáticos e sistema de integración en rede, incluíndo a súa páxina web e o seu protocolo de actuación.

-Formación interna.

-Avaliación de contrapartes e provedores, incluíndo sistema e criterios de selección de contrapartes locais e información que se lles solicita.

-Control das non conformidades e accións correctoras.

-Auditorías e revisión do sistema, incluíndo avaliacións externas.

-Medición do impacto social.

2. Organigrama e descrición funcional da entidade en Galicia.

3. Relación dos postos de traballo da entidade en Galicia, coa súa descrición de funcións e sistema de provisión.

Actividade:

1. Memoria de actividades da entidade solicitante dos últimos 5 anos en que se fará especial mención das actuacións levadas a cabo na mesma zona do programa que se vai presentar e dos seus beneficiarios/as, ou daquelas realizadas noutras zonas pero no mesmo sector de actuación.

2. Se procede, informes de visitas de identificación, seguimento e avaliación de actividades realizadas desde a entidade en Galicia nos dous últimos anos.

3. Grao de eficacia, impacto social e eficiencia das iniciativas ou proxectos levados a cabo pola ONGD ou delegación nas diferentes áreas de traballo.

4. Se procede, informe ou resumo executivo das avaliacións externas, realizadas nos últimos dous anos, da organización en Galicia.

Contorno:

1. Documentación que describa as relacións da entidade coa Administración autonómica e administracións locais.

2. Documentación que describa as relacións con outras ONGD e pertenza a redes.

3. Documentación que describa as relacións con beneficiarios e contrapartes.

4. Documentación describindo as relacións coa sociedade galega en xeral.

Establécense como evidencias destas relacións:

1. Documentos acreditativos da pertenza á Coordinadora Galega de ONGD así como da participación nas súas actividades nos últimos anos.

2. Documentos acreditativos da pertenza e participación nas actividades de plataformas, asociacións, foros e redes de carácter galego, nacional e internacional.

3. Convenios ou contratos de asociación establecidos pola entidade en Galicia con ONGD dos países en vías de desenvolvemento.

4. Metodoloxía que describa a participación de beneficiarios/as.

5. Documentación acreditativa da publicidade e difusión en Galicia das actuacións realizadas pola entidade, tanto dos proxectos no exterior como das actividades en Galicia.

6. Outra documentación diferente da anterior que contribúa a acreditar e describir as relacións co contorno.

Xestión económica:

1. Memoria económica da entidade en Galicia nos últimos dous anos.

2. Orzamentos da entidade en Galicia, aprobados polo órgano competente, para o ano en curso.

Artigo 7º.-*Información relativa á contraparte local (carpeta 2).*

a) Documentación acreditativa da representación legal da entidade: copia do documento en que se recolla o nomeamento do representante legal e do seu documento ou cédula de identidade.

b) Documentación acreditativa da personalidade xurídica do socio ou contraparte local.

c) Copia dos estatutos e do número de identificación fiscal da entidade ou similar, en caso que exista.

d) Copia do balance de ingresos e gastos das dúas últimas liquidacións orzamentarias.

e) Declaración do representante legal da entidade relativa á cuantificación do número de socios/as da entidade e descrición da vinculación existente entre a entidade e o persoal ao seu servizo.

f) Memoria de actividades e traballos da entidade, onde se inclúan outras accións de cooperación para o desenvolvemento en que participase, así como a experiencia acadada na zona e no sector de actuación do programa (como mínimo dos dous últimos anos).

No caso de que a entidade solicitante presentase esta documentación ou parte a outra convocatoria de axudas das convocadas pola Secretaría Xeral de Relacións Exteriores en 2008 ou 2007, será suficiente con achegar unha declaración especificando a documentación xa presentada, así como o número de expediente no que se atopa incorporada, anexando aquela que falte.

Artigo 8º.-*Información relativa á proposta de programa (carpeta 3).*

8.1. A información sobre a proposta de programa presentarase no documento de formulación normalizado para o efecto, que poderá descargarse da páxina web da cooperación galega, <http://www.cooperaciongalega.org>, así como a correspondente guía explicativa. Calquera problema, dúbida ou aclaración poderáselle formular directamente á Dirección Xeral de Cooperación Exterior ou a través do enderezo electrónico cooperacion.exterior@xunta.es.

8.2. A manipulación do documento de formulación normalizado ou o emprego dun documento que non sexa o adaptado a esta convocatoria conducirá á exclusión e non avaliación da proposta de programa.

Artigo 9º.-*Gastos subvencionables.*

9.1. Serán gastos subvencionables os custos directos e os custos indirectos do programa.

9.2. Entenderanse por custos directos aqueles que son imprescindibles para a posta en marcha do programa, vinculados á execución da intervención e que financian a consecución dos obxectivos. Para os efectos de concesión da axuda teranse en conta os seguintes:

a) Aqueles derivados da identificación da intervención no terreo, financiaranse ata un máximo de 20.000 euros por programa, sempre que se realizen despois do 2 de xaneiro de 2008. Para o suposto de solicitudes polo máximo subvencionable financiaranse ata 30.000 euros.

b) Terreos e inmobles (inclúe compra ou aluguer). No suposto de adquisición de bens inmobles, debe achegarse certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial.

c) Construción e/ou reforma de inmobles e infraestruturas (inclúe man de obra, dirección de obra, licenza de obras e taxas, materiais de construción e o transporte dos citados materiais). No caso de ser prestada a man de obra ligada a estas tarefas pola contraparte local ou a poboación beneficiaria, só se aceptará a súa valoración de estar acreditada de xeito suficiente a prezos de mercado local.

d) Equipamentos, materiais e subministros. Considerarase equipamento a adquisición de elementos de inmovilizado distintos a terreos e edificios, afectos á actividade subvencionada: maquinaria, mobiliario, equipos informáticos e outro equipamento. Nese concepto inclúense os gastos derivados do envío dos equipos.

Todas as adquisicións de equipamentos, materiais e subministros realizaranse no país onde se execute o programa. En caso de imposibilidade de cumprimento desta obriga, solicitarase mediante escrito motivado, autorización previa da Dirección Xeral de Cooperación Exterior.

e) Os elementos de transporte financiaranse ata un máximo de 15.000 euros.

f) Persoal. Para os efectos desta convocatoria entenderase:

1. Persoal expatriado, aquel persoal da entidade española sometido á lexislación española, que presta os seus servizos no país onde se executa a intervención obxecto da subvención e cuxas funcións e tarefas están directamente relacionadas con aquela. Para o envío de expatriados achegarse unha memo-

ria xustificativa da necesidade de envío do dito persoal e marcaranse os criterios de aptitude e cualificación requiridos para a correcta realización da acción, a duración e a descrición de tarefas. O salario para o persoal expatriado non excederá de 33.000 euros brutos por persoa e ano.

2. Persoal local, aquel persoal da contraparte local ou contratado ao servizo do programa sometido á lexislación laboral do país onde se executa a intervención obxecto de subvención e no cal presta os seus servizos, de acordo co réxime laboral correspondente, as súas funcións e desempeño, estando as súas funcións e tarefas directamente relacionadas coa intervención. Será preciso acreditar documentalmente o salario medio para ese tipo de contrato do país ou zona onde se execute o programa. A contía subvencionable relativa a persoal local non poderá superar o 25% da cantidade total solicitada, non será nunca superior a 200.000 euros.

3. Persoal en sede, aquel da entidade española sometido á lexislación española, que presta os seus servizos en España, con independencia de que por razón das súas funcións teña que desprazarse aos países de execución ocasional ou regularmente, e cuxas funcións e tarefas estean imputadas á posta en execución e seguimento da intervención obxecto da subvención. En todos os casos a imputación poderá ser total ou parcial en función da dedicación.

Os gastos de persoal subvencionables poderán incluír salarios, seguros sociais a cargo da entidade do persoal afecto á intervención, así como calquera outro seguro que se subscriba a nome do persoal ou da súa familia en primeiro grao.

g) Servizos técnicos e profesionais, requiridos para a realización de capacitacións, seminarios, diagnósticos, informes, publicacións, control de xestión ou outras necesidades recollidas na formulación da intervención.

h) Funcionamento no terreo (electricidade, auga, comunicacións, mantemento e seguridade), financiarase ata un máximo do 1% do orzamento total solicitado para o programa.

i) Viaxes, aloxamento e axudas de custo. Inclúense os gastos vinculados á mobilidade do persoal no país de execución do programa así como desde España e á mobilidade dos beneficiarios/as necesaria para a execución da intervención (incluíndo combustible, seguros e mantemento de vehículos que se atopen especificamente identificados na formulación da intervención e vinculados a esta). Os gastos vinculados á mobilidade en terreo non excederán o 7% do orzamento total solicitado para o programa, non serán nunca superiores a 50.000 euros.

j) Avaliación externa obrigatoria final e intermedia, de carácter voluntario. Estas avaliaciós deberán ser realizadas por persoa ou entidade recoñecida en Galicia e no país de execución do programa,

para o cal se acreditará a súa solvencia e experiencia, xuntando a documentación que a xustifique.

k) Auditoría contable. Os auditores exercentes no país onde se levará a cabo a revisión consideraranse como tales, sempre que no dito país exista un réxime de habilitación para o exercicio da profesión e, de ser o caso, sexa preceptiva a obriga de someter a auditoría os seus estados contables. De non existir un sistema de habilitación para o exercicio da profesión, a revisión prevista poderá ser realizada por un auditor establecido no dito país, sempre que a designación deste a leve a cabo a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, conforme a criterios técnicos que garantan a axeitada calidade.

A suma dos custos relativos ás avaliacións externas e á auditoría contable non poderá superar o límite do 4% da subvención total solicitada, non será nunca superior a 30.000 euros.

l) Fondo rotatorio. Enténdese por tal a cantidade económica que se emprega como préstamos directos ou en especie ás persoas beneficiarias, que deben ser devoltos por elas nas condicións contractuais que se establezan para garantir a súa devolución. O fondo rotatorio non poderá superar o 8% do custo total do programa.

m) Gastos financeiros, gastos de asesoría xurídica ou financeira, gastos rexistrados e periciais e outros gastos asociados para a realización do programa: son subvencionables sempre que estean directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan indispensables para a axeitada preparación ou execución desta.

n) Gastos vinculados a iniciativas de educación para o desenvolvemento, sensibilización e difusión do programa en Galicia, sempre que se viran reflectidos no documento de formulación, ata un límite de 12.000 euros.

9.3. Custos indirectos: son os gastos propios do funcionamento regular da entidade solicitante e da contraparte, que resultan da formulación e execución do programa.

Estes gastos imputarao a entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda, de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptados e, en todo caso, na medida en que tales importes correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade. Este gasto imputarase dentro do período de execución da intervención e será acreditado ante a DXCE dunha soa vez pola entidade solicitante mediante unha declaración responsable do seu representante legal.

9.4. A suma dos custos relativos ao persoal expatriado, persoal en sede, viaxes, aloxamento e axudas de custo desde España, así como custos indirectos, non poderá ser superior ao 20% da subvención total solicitada.

9.5. No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, estes deberán de quedar formalmente vinculados durante dez anos aos bens inscribíbles nun rexistro público, e cinco anos para o resto de bens, cos fins das actuacións realizadas. Unha vez rematen estas, deberán ser transferidos a unha Administración pública do país beneficiario ou a unha contraparte local, que se faga responsable da súa utilización para o fin creado e do seu correcto mantemento. Tal cesión deberá quedar documentada a través de escritura pública.

No suposto dos bens inscribíbles nun rexistro público, deberá facerse constar na escritura pública a circunstancia da afectación e o período polo que se afectan os bens, debendo ser obxecto estes extremos de inscrición no rexistro público correspondente. A Secretaría Xeral de Relacións Exteriores deberá autorizar previamente tal cesión.

O incumprimento da obriga de destino, que se producirá en todo caso co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e quedará o ben afecto ao pagamento do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido pola fe pública rexistral ou se xustifique a adquisición dos bens con boa fe e xusto título ou en establecemento mercantil ou industrial, en caso de bens mobles non inscribíbles.

9.6. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, a entidade beneficiaria da subvención deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realízase con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán entregarse na xustificación, ou, de ser o caso, na solicitude da subvención, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e debe xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

9.7. En ningún caso serán gastos subvencionables:

- Os xuros debedores das contas bancarias.
- Xuros, recargas e sancións administrativas e penais.
- Gastos de procedementos xudiciais.
- As amortizacións de bens inventariables.

Artigo 10º.-*Valoración das solicitudes.*

A valoración das solicitudes comprende a análise da entidade solicitante, da proposta de programa e da contraparte ou socio local. As solicitudes que cumpran os requisitos sinalados nestas bases reguladoras serán avaliadas tendo en conta os criterios que seguen:

I. Aspectos relacionados coa entidade solicitante: ata 20 puntos:

1. Tendo en conta os documentos e referencias mencionados no artigo 6º destas bases reguladoras, elaborárase unha valoración global da entidade en Galicia, integrada por unha valoración cuantitativa e unha valoración cualitativa. A valoración global consistirá na suma aritmética do resultado das valoracións anteriores, ponderada así mesmo en virtude da eventual calificación pola AECID da entidade solicitante.

2. As valoracións cuantitativas e cualitativas estrutúranse en bloques temáticos que pola súa vez se articulan en criterios. A cada un dos bloques temáticos e criterios asígnaráselles unha ponderación de acordo co peso relativo que sobre a puntuación final se outorga a cada un dos aspectos obxecto de valoración.

3. Para proceder á valoración global será preciso obter como mínimo o 60% da puntuación en cada unha das valoracións, tanto na cuantitativa coma na cualitativa.

4. A valoración cuantitativa terá un peso relativo sobre a valoración global dun 40% (8 puntos) e a cualitativa dun 60% (12 puntos).

5. A ponderación da valoración global efectuarase aplicando como multiplicadores á puntuación resultante de sumar a valoración cuantitativa e mais a cualitativa os seguintes índices correctores:

-Para entidades non cualificadas pola AECID: 0,8.

-Para entidades cualificadas pola AECID para sectores específicos: 0,9.

-Para entidades cualificadas pola AECID con carácter xeral: 1,0.

Valoración cuantitativa. Máximo: 8 puntos.

A) Análise da capacidade financeira: 30% (2,4 puntos).

A.1. Solvencia, cun peso relativo sobre o bloque temático cuantitativo A dun 10% (0,24 puntos).

A.2. Capacidade de responder ás obrigas financeiras, cun peso relativo sobre o bloque temático cuantitativo A dun 40% (0,96 puntos).

A.3. Porcentaxe media de ingresos aplicados a fins, cun peso relativo sobre o bloque temático cuantitativo A dun 50% (1,2 puntos).

B) Análise dos recursos humanos: 35% (2,8 puntos).

B.1. Cadro medio, cun peso relativo sobre o bloque cuantitativo B dun 15% (0,42 puntos).

B.2. Existencia e dimensión dunha estrutura permanente, cun peso relativo sobre o bloque temático cuantitativo B dun 50% (1,4 puntos).

B.3. Dimensión da base social, cun peso relativo sobre o bloque cuantitativo B dun 35% (0,98 puntos).

C) Análise da capacidade operacional: 35% (2,8 puntos).

C.1. Volume de cooperación, cun peso relativo sobre o bloque cuantitativo C dun 40% (1,12 puntos).

C.2. Antigüidade na cooperación, cun peso relativo sobre o bloque cuantitativo C dun 20% (0,56 puntos).

C.3. Presenza xeográfica, cun peso relativo sobre o bloque cuantitativo C dun 20% (0,56 puntos).

C.4. Presenza sectorial, cun peso relativo sobre o bloque cuantitativo C dun 20% (0,56 puntos).

Valoración cualitativa. Máximo:12 puntos.

A) Análise da estrutura: 20% (2,4 puntos).

A.1. Coherencia interna e adecuación da misión, visión e valores da entidade aos criterios do Plan director da cooperación galega, cun peso relativo sobre o bloque temático cualitativo A dun 15% (0,36 puntos).

A.2. Existencia de códigos de conduta, boas prácticas e bo goberno, e coherencia cos códigos de conduta aceptados internacionalmente, cun peso relativo sobre o bloque temático cualitativo A dun 15% (0,36 puntos).

A.3. Existencia e coherencia interna da planificación estratéxica e adecuación cos criterios do Plan director da cooperación galega, cun peso relativo sobre o bloque temático cualitativo A dun 50% (1,2 puntos).

A.4. Grao de participación da base asociativa na toma de decisión e control dos órganos de goberno, cun peso relativo sobre o bloque temático cualitativo dun 20% (0,48 puntos).

B) Análise da organización: 20% (2,4 puntos)

B.1. Existencia e formalización de modelos de calidade e nivel de exixencia que se deriva deles, cun peso relativo sobre o bloque temático cualitativo B dun 35% (0,84 puntos).

B.2. Grao de adecuación da organización funcional do traballo as necesidades da entidade, cun peso relativo sobre o bloque temático cualitativo B dun 35% (0,84 puntos).

B.3. Existencia dunha relación de postos de traballo, rigor e coherencia na descrición de funcións e consideración de criterios de publicidade, transparencia e méritos na provisión dos postos de traballo, cun peso relativo sobre o bloque cualitativo B dun 30% (0,72 puntos).

C) Análise da actividade: 20% (2,4 puntos).

C.1. Resultados observables e procedementos aplicados no desenvolvementos das accións e proxectos reflectidos na memoria, cun peso relativo sobre o bloque temático cualitativo C dun 35% (0,84 puntos).

C.2. Análise dos mecanismos de seguimento e avaliación, cun peso relativo sobre o bloque temático cualitativo C dun 35% (0,84 puntos).

C.3. Coherencia cos criterios transversais de igualdade de xénero, desenvolvemento sustentable e preservación do medio que establece o Plan director da cooperación galega, cun peso relativo sobre o bloque temático cualitativo C dun 30% (0,72 puntos).

D) Análise do contorno: 25% (3 puntos).

D.1. Intensidade das relacións coas administracións públicas, cun peso relativo sobre o bloque temático cualitativo D dun 20% (0,6 puntos).

D.2. Intensidade das relacións con outros axentes sociais en xeral e, en particular, con outras ONGD e amplitude e implicación na pertenza a redes, cun peso relativo sobre o bloque cualitativo D dun 20% (0,6 puntos).

D.3. Amplitude, estabilidade e formalización de relacións con beneficiarios/as e contrapartes, cun peso relativo sobre o bloque cualitativo D dun 30% (0,9 puntos).

D.4. Amplitude e intensidade das iniciativas en relacións coa sociedade en xeral, cun peso relativo sobre o bloque cualitativo D dun 30% (0,9 puntos).

E) Análise da xestión económica: 15% (1,8 puntos).

E.1. Solvencia en virtude da situación patrimonial e de contas anuais, cun peso relativo sobre o bloque temático cualitativo E dun 40% (0,72 puntos).

E.2. Diversidade das fontes de financiamento e grao de autofinanciamento, cun peso relativo sobre o bloque temático cualitativo E dun 35% (0,63 puntos).

E.3. Existencia e grao de planificación de investimentos e proporción deles no orzamento anual, cun peso relativo sobre o bloque temático cualitativo E dun 25% (0,45 puntos).

II. Aspectos relacionados coa contraparte ou socio local: ata 20 puntos.

1. Experiencia de traballo en proxectos de cooperación ao desenvolvemento, na zona ou comunidade

onde se vai executar o proxecto e no sector de actuación do programa descrita suficientemente nas carpeta 2 e 3 para os obxectivos e características do mesmo. Máximo: 7 puntos.

2. Capacidade de execución do proxecto pola contraparte. Garantía de implicación da entidade na comunidade e da propia comunidade no programa mediante a intervención da contraparte. Adecuación e coherencia no sector de traballo da entidade e o obxectivo do programa. Máximo: 8 puntos.

3. Implicación do socio local no programa. Máximo: 2 puntos.

4. Participación no programa xunto a outras organizacións ou institucións locais. Máximo: 3 puntos.

III. Aspectos relacionados co contido do programa: ata 60 puntos.

1. Que se execute nun país dos menos adiantados (PMA): 4 puntos.

2. Pertinencia do proxecto con especial concreción sobre o contexto social, económico, político e cultural dos beneficiarios/as, zona e país onde se vai desenvolver; antecedentes e xustificación deste. Máximo: 7 puntos.

3. Coherencia dos obxectivos e resultados coa problemática presentada. Máximo: 7 puntos.

4. Accións que se van desenvolver e prazo de execución. Coherencia na programación temporal. Máximo: 4 puntos.

5. Financiamento: coherencia das partidas orzamentarias cos obxectivos do programa. Máximo: 6 puntos.

6. Recursos humanos e técnicos suficientes para acadar os obxectivos do programa. Máximo: 3 puntos.

7. Poboación beneficiaria: descrición precisa dos destinatarios/as, criterios de determinación, grao de participación nas distintas fases do programa. Máximo: 6 puntos.

8. Viabilidade e sustentabilidade do programa. Máximo: 7 puntos.

9. Impacto de xénero. Máximo: 4 puntos.

10. Impacto ambiental. Máximo: 3 puntos.

11. Seguimento e avaliación previstos (internos e externos). Máximo: 4 puntos.

12. Difusión do programa en Galicia. Máximo: 2 puntos.

13. Integración do programa en estratexias integrais de desenvolvemento de carácter público ou con outros axentes no terreo e garantía de transferencia a unha administración pública do país beneficiario ou a unha contraparte local dos inmobles financiados con cargo ao programa. Máximo: 3 puntos.

Artigo 11º.-*Instrución.*

A instrución do procedemento corresponderalle á Subdirección Xeral de Cooperación Exterior. As axudas tramitaranse por orde de entrada da solicitude.

Unha vez recibidas e examinadas as solicitudes, se estas non reúnen os requisitos sinalados ou carecen de documentación, requiriranse os interesados para que, nun prazo de dez días, corrixan a falta ou acompañen os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixesen, desistirán da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 12º.-*Comisión avaliadora.*

12.1. Para a valoración das solicitudes constituírase una comisión avaliadora, que adaptará o seu funcionamento ao previsto nesta convocatoria e, supletoriamente, aos preceptos contidos no capítulo II, título II, artigos 22 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A comisión compoñerana os seguintes membros:

Presidenta: a directora xeral de Cooperación Exterior.

Secretario/a: un funcionario/a da Dirección Xeral de Cooperación Exterior.

Vogais: dous funcionarios/as da Dirección Xeral de Cooperación Exterior.

A comisión poderá estar asesorada polo persoal técnico que considere necesario, o cal asistirá ás sesións con voz pero sen voto.

12.2. A comisión, para unha mellor valoración das propostas de programa presentadas e con anterioridade a ditarse a proposta de resolución, poderá recoller os informes técnicos que se consideren oportunos. Estes informes, que en ningún caso serán vinculantes, de encargarse, terán que ser realizados por expertos independentes non vinculados a ningunha ONGD.

12.3. Para superar a fase de valoración das solicitudes será necesario acadar unha puntuación mínima do 50% en cada unha das tres epígrafes aos que se refire o artigo 10º destas bases.

Unha vez superada a fase de valoración, establecerase unha listaxe coas puntuacións obtidas en orde descendente para cada unha das propostas de programa presentadas. Serán financiados por orde de puntuación todos aqueles programas que sexa posible dentro da contía total asignada a esta convocatoria.

12.4. No suposto de que non se esgotasen os recursos financeiros asignados a esta convocatoria, a Xunta de Galicia empregará estes recursos para financiar outras actuacións de cooperación para o desenvolvemento.

mento a través dos outros medios previstos no I Plan director da cooperación galega 2006-2009.

12.5. Á vista da valoración realizada pola comisión avaliadora, o instrutor elevaralle proposta de resolución ao secretario xeral de Relacións Exteriores.

Artigo 13º.-Prazo de resolución.

O prazo de resolución e notificación das axudas será de dous meses como máximo, contados desde o día seguinte ao da presentación da solicitude. De non notificarse resolución expresa neste prazo, as solicitudes poderán entenderse desestimadas.

Mediante resolución do secretario xeral de Relacións Exteriores inserida no *Diario Oficial de Galicia*, farase público o esgotamento do crédito orzamentario.

Artigo 14º.-Resolución.

Á vista da proposta de resolución do instrutor, debidamente motivada, o secretario xeral de Relacións Exteriores resolverá, de acordo co establecido na disposición adicional segunda do Decreto 44/2006, do 6 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Artigo 15º.-Compatibilidade de subvencións.

As axudas aquí reguladas serán compatibles con calquera outra procedente doutras administracións públicas, organizacións internacionais, entidades privadas non lucrativas ou doazóns de particulares, sempre e cando a suma de todas as axudas obtidas non supere o custo do programa subvencionado.

A entidade beneficiaria obrígase a comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a súa concesión. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Así mesmo, a entidade beneficiaria de subvencións con cargo a esta convocatoria obrígase a comunicarlle ao resto de financiadores do programa a subvención concedida pola Xunta de Galicia.

Artigo 16º.-Publicidade da concesión das subvencións.

Unha vez ultimada a concesión de subvencións, publicarase a relación daquelas concedidas con indicación do/a beneficiario/a, contía, país de execución do programa e finalidade, no *Diario Oficial de Galicia* e na web oficial da cooperación galega, de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

Así mesmo, de conformidade co artigo 3.2º do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publicarase a relación das concedidas con indicación do/a beneficiario/a, contía, país de execución do programa e finalidade no rexistro de axudas, subvencións e convenios.

Artigo 17º.-Aceptación da subvención e compromiso de cofinanciamento.

Unha vez notificada a concesión da subvención, a entidade beneficiaria presentará, nun prazo máximo de 15 días naturais, declaración por escrito da aceptación da axuda en que conste o seu compromiso de achegar directamente ou cubrir con outras achegas a diferenza entre o custo total do programa e a contía da subvención finalmente concedida. Igualmente a entidade beneficiaria deberá confirmar, de ser o caso, que as subvencións solicitadas a outras institucións xa foron concedidas, ou ben que se compromete a financiar as cantidades adicionais que correspondan. De non ser así, poderá, dentro do mesmo prazo, renunciar á axuda ou, sempre que tecnicamente sexa posible e sen que se altere a finalidade nin o orzamento total do programa aprobado, presentar unha readaptación á subvención concedida, que será sometida a unha nova análise. De non presentar no dito prazo ningunha comunicación, entenderase que renuncia á subvención aprobada e procederase ao seu arquivo.

No caso de readaptación do programa, o secretario xeral de Relacións Exteriores ditará nova resolución, que lle será notificada á entidade no prazo dun mes. De producírense renuncias ás subvencións ou as súa revogacións, os seus importes poderán destinarse a incrementar a axuda inicialmente concedida a outros programas ou ben a subvencionar os que, reunindo os requisitos destas bases reguladoras, e inicialmente non subvencionados, superasen a fase de valoración de acordo co establecido no artigo 10º destas bases reguladoras.

Artigo 18º.-Pagamentos anticipados e pagamentos.

18.1. Con base na disposición adicional segunda da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en atención á coherencia co obxecto e finalidade das subvencións, poderanse realizar pagamentos anticipados do 100% da anualidade de que se trate, sendo obrigatorio presentar un informe de seguimento cando remate a anualidade ademais do informe final.

Para o informe anual de seguimento e final utilízase o formato definido pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia, que estará dispoñible no sitio web <http://www.cooperaciongalega.org>.

18.2. O pagamento da subvención concedida efectuarase en cada anualidade e nun só pagamento

anticipado. O pagamento da seguinte anualidade realizarase tras a xustificación da anterior, sen que, en base a o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se exixa garantía.

Primeira anualidade:

As entidades beneficiarias da subvención deberán presentar a seguinte documentación:

a) Solicitude de libramento do pagamento anticipado da contía concedida para esta anualidade.

b) Declaración responsable complementaria e actualizada doutras axudas solicitadas, pendentes de resolución, outorgadas ou recibidas para o programa subvencionado.

c) O compromiso específico de cesión dos bens mobles ou inmobles que resulten da execución do programa subvencionado aos beneficiarios/as ou socio/a local, se for o caso.

d) A certificación bancaria das contas da entidade beneficiaria e do socio local afectas á xestión do programa. Nestas contas asignadas ao programa terán o seu destino todos os pagamentos que se realicen con cargo ao cofinanciamento da Dirección Xeral de Cooperación Exterior. Os comprobantes destes ingresos e gastos estarán á disposición desta.

Segunda anualidade:

Unha vez xustificada a anualidade anterior, de acordo coas previsións do artigo 19º destas bases reguladoras, as entidades beneficiarias da subvención deberán presentar a seguinte documentación:

a) Solicitude de libramento do pagamento anticipado da contía concedida para esta anualidade.

b) Informe de avance sobre o estado de execución do programa, asinado polo responsable da xestión técnica-económica do programa en Galicia.

Terceira e cuarta anualidade:

Ademais da documentación exixida para a segunda anualidade, presentarase unha proposta de orzamento por actividade, que haberá de ser validada pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior.

18.3. Con cada anualidade, as entidades beneficiarias da subvención deberán presentar a declaración responsable complementaria e actualizada doutras axudas solicitadas, pendentes de resolución, outorgadas ou recibidas para o programa subvencionado.

18.4. Non obstante, as entidades beneficiarias de subvención deberán acreditar, con cada solicitude de pagamento, que se atopan ao día das obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Facenda autonómica. Consonte o establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de sub-

vencións de Galicia, as entidades beneficiarias autorizan o órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir as mencionadas institucións.

Artigo 19º.-Prazo e forma de xustificación das subvencións outorgadas.

19.1. A xustificación farase de xeito independente para cada anualidade. Conforme co establecido no artigo 28.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación farase dentro do primeiro trimestre seguinte á finalización da anualidade que se vai xustificar. A documentación que se presentará detállase no número 2 deste artigo.

19.2. As anualidades xustificaranse mediante a presentación dun informe de seguimento integrado polos seguintes documentos:

a) Certificación do representante en Galicia da entidade beneficiaria da subvención acreditativa da execución do programa de conformidade co previsto e da aplicación dos fondos ao fin destinado.

b) Informe sobre o estado de execución do programa e que deberá estar asinado polo responsable da xestión técnica-económica do programa en Galicia.

c) Certificación dos gastos do programa na anualidade de que se trate, por partidas orzamentarias e na cal se indiquen as distintas fontes de financiamento, asinada polo representante en Galicia da entidade beneficiaria.

d) Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data, do número da factura ou do documento xustificativo, identificación do seu emisor e descrición do gasto co seu importe en moeda local e o seu contravalor en euros.

19.3. Co obxecto de acreditar a realización total das actividades así como a finalidade para a que se concedeu a subvención e tal e como se establece no artigo 18º destas bases, a entidade beneficiaria deberá presentar un informe final que constará de dúas partes:

1ª parte.-Xustificación económica: comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida. A xustificación farase mediante a forma de conta xustificativa con informe de auditoría. A conta xustificativa virá acompañada, ademais dun informe dun auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, dunha memoria económica abreviada. A revisión da conta xustificativa polo auditor de contas realizarase de conformidade coas normas de actuación e supervisión que, de ser o caso, propoña o órgano que teña atribuídas as competencias de control financeiro de subvencións en Galicia.

Os auditores exercentes no país onde se levará a cabo a revisión consideraranse como tales, sempre que en no dito país exista un réxime de habilitación

para o exercicio da profesión e, de ser o caso, sexa preceptiva a obriga de someter a auditoría os seus estados contables. De non existir un sistema de habilitación para o exercicio da profesión, a revisión prevista poderá realizarse por un auditor establecido no dito país, sempre que a designación deste a leve a cabo a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, consonte a criterios técnicos que garantan a axeitada calidade.

Esta documentación irá acompañada dunha certificación dos gastos polo importe total do programa distribuída por partidas orzamentarias e na cal se indiquen nas distintas fontes de financiamento, asinada polo representante en Galicia da entidade beneficiaria da subvención.

No suposto de adquisición de bens inmoebles, debe achegarse certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial.

No caso de subvencións de capital superiores a 60.000 euros, destinadas a investimentos en activos tanxibles, e conforme co artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a comprobación material substituirase por unha xustificación documental que constate de forma razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada.

As axencias ou organismos internacionais das Nacións Unidas exixiráselles coma xustificación os documentos acreditativos das transferencias realizadas, así como o control contable que lles é específico e sempre conforme o funcionamento establecido polos Estados parte para as distintas axencias das Nacións Unidas.

2ª parte.-Xustificación técnica, que incluírá:

-Certificación do representante en Galicia da entidade beneficiaria acreditativa da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos ao fin destinado

-Memoria de execución sobre os obxectivos, actividades e resultados acadados polo programa. Deberá estar asinada polo responsable da xestión técnica-económica do programa en Galicia.

-Avaliacións externa obrigatoria final e intermedia, de carácter voluntario.

-Declaración responsable complementaria e actualizada doutras axudas solicitadas, pendentes de resolución, outorgadas ou recibidas para o programa subvencionado.

Para a presentación da memoria final deberá utilizarse o modelo facilitado pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia que se poderá descargar da páxina web <http://www.cooperaciongalega.org>.

19.4. A entidade beneficiaria da subvención terá que conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, a excepción dos casos suficientemente xustificadas e autorizados pola

Dirección Xeral de Cooperación Exterior. Nestes supostos, os xustificantes quedarán a disposición das actuacións e comprobación da DXCE e dos órganos de control establecidos pola normativa vixente.

Artigo 20º.-Obrigas da entidade beneficiaria da subvención.

20.1. As entidades beneficiarias deberán realizar a intervención para a que se lles concedeu a axuda no período de tempo determinado no documento de formulación, e sempre dentro da anualidade pertinente. Para estes efectos considérase vinculante o orzamento e a documentación presentada no documento de formulación do programa e na solicitude ou, de ser o caso, da súa reformulación, de terse esta efectuado.

20.2. As entidades beneficiarias deberán informar de xeito inmediato á Dirección Xeral de Cooperación Exterior sobre calquera acontecemento que altere ou dificulte notoriamente o adecuado desenvolvemento do programa subvencionado. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

20.3. As entidades beneficiarias obríganse a facilitar ao órgano xestor toda canta información lles sexa requirida respecto dos programas subvencionados. Ao mesmo tempo, as entidades beneficiarias obríganse a conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

20.4. Así mesmo, as entidades beneficiarias obríganse a incorporar de forma visible en todas as accións derivadas do programa subvencionado (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade etc.) os logotipos oficiais da Xunta de Galicia e a Cooperación Galega, todo isto en formato duradeiro e material resistente, para a debida difusión da orixe da subvención.

Cando a organización financiada exhiba o seu propio logotipo, os da Xunta de Galicia e da Cooperación Galega deberán figurar co mesmo tamaño e en iguais condicións de seguridade. Ambos os dous logotipos poderán descargarse da páxina web <http://www.cooperaciongalega.org>.

20.5. As entidades beneficiarias, en relación co seu persoal expatriado cooperante, obríganse a cumprir co establecido no Real decreto 519/2006, do 28 de abril, polo que se establece o Estatuto do cooperante.

Artigo 21º.-Seguimento, avaliación e control dos programas.

21.1. No proceso continuo de homoxeneizar os procedementos, metodoloxía e formularios cos da

Cooperación Oficial Española e da Unión Europea, o seguimento e avaliación dos programas rexeráse, preferentemente, polos criterios básicos de pertinencia, eficacia, eficiencia, impacto e sustentabilidade, seguindo a metodoloxía do marco lóxico e a xestión do ciclo do proxecto establecidos polo CAD, a AECID e a Unión Europea.

21.2. A xestión dos programas poderá ser examinada durante a súa execución ou unha vez finalizada por representantes da Xunta de Galicia con competencias en materia de cooperación exterior ou por empresas avaliadoras contratadas para o efecto, para o cal a entidade beneficiaria e a contraparte local facilitarán o acceso ás contas e aos documentos xustificativos requiridos, así como a calquera outra documentación relevante na execución do programa.

21.3. A avaliación final do programa analizará, de xeito sistemático e obxectivo, a pertinencia, eficacia, eficiencia, impacto e sustentabilidade deste, adaptándose á súa especificidade nos termos de referencia.

A estrutura dos informes de avaliación seguirá tamén a metodoloxía e o formato utilizado pola Cooperación Española e a Unión Europea, recollerá como mínimo:

-Resumo executivo: debe ser formulado de xeito compacto e breve (non máis de 5 páxinas) para ser empregado como un documento separado, centrándose nos puntos analíticos máis importantes e indicando as maiores conclusións, leccións adquiridas e recomendacións específicas.

-Texto principal: comezando por unha descrición do programa avaliado e os obxectivos da avaliación, deberá seguir os cinco criterios de avaliación describindo os feitos e analizándoos seguindo cada un.

-Conclusións e recomendacións: en función da análise dos criterios de avaliación, as recomendacións deberán ser realistas, operativas, pragmáticas e orientadas a audiencias de todos os niveis.

-Anexos: termos de referencia da avaliación, nomes dos avaliadores e das súas empresas, metodoloxía para o estudo (fases, métodos de recollida de datos etc.), marcos lóxicos (orixinal e actualizado), lista de persoas ou organizacións consultadas, literatura e documentación, outros anexos técnicos etc.

21.4. O control financeiro interno correspóndelle á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

Artigo 22º.-*Modificación das condicións.*

Precisarase autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do programa, entendendo por tal aquela que afecte os seus obxectivos, beneficiarios/as, lugar, prazo de execución ou variación do custo total do programa ou das partidas orzamentarias de máis dun 20% do inicialmente aprobado. As solicitudes de modificacións substanciais do

programa deberán estar suficientemente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao secretario xeral de Relacións Exteriores, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.

Artigo 23º.-*Reintegro por incumprimento.*

A entidade beneficiaria que incorrese en falsidade ou ocultación de datos ou non acredítase, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberá proceder ao reintegro da súa totalidade en caso de incumprimento pleno ou a parte proporcional en caso dunha parcial falta de xustificación, sen prexuízo da existencia das responsabilidades administrativas e penais que procedan.

Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá reintegrar as subvencións nos demais supostos de reintegro previstos nestas bases reguladoras e demais normativa de subvencións.

Artigo 24º.-*Información aos órganos fiscalizadores.*

As entidades beneficiarias de subvención estarán obrigadas a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Xunta de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Artigo 25º.-*Recursos.*

As resolucións expresas ou presuntas ditadas en aplicación do disposto nestas bases reguladoras esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer os seguintes recursos:

a) Potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da correspondente notificación, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

b) Directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da correspondente notificación, ou no prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produce o acto presunto.

Artigo 26º.-*Remisión normativa.*

Para o non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS ÁS ONGS PARA A EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO NO EXTERIOR	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR804C	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME COMPLETO DA ENTIDADE			
ENDEREZO (RÚA, Nº) EN GALICIA		PROVINCIA	LOCALIDADE
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO/S	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO
PÁXINA WEB	CIF DA ENTIDADE	DATA CONSTITUCIÓN	DATA DE INSCRUCIÓN NO REGISTRO GALEGO
Nº DE REGISTRO GALEGO DA ENTIDADE	NOME DO RESPONSABLE EN GALICIA DA ENTIDADE		SEDE CENTRAL EN GALICIA <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
Nº DE SOCIOS GALICIA	TOTAL	PERSOAL REMUNERADO	TEN OUTRAS DELEGACIÓNS NO RESTO DO ESTADO
RESTO ESPAÑA		VOLUNTARIO	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

DATOS DO PROGRAMA

TÍTULO DO PROGRAMA			
PAIS	NOME DA CONTRAPARTE		
CÓDIGO DO SECTOR E SUBSECTOR CAD DA INTERVENCIÓN	PRAZO DE EXECUCIÓN DO PROGRAMA	DATA INICIO (MES/ANO)	DATA FIN (MES/ANO)
CUSTO TOTAL PROGRAMA (€)	SUBVENCIÓN SOLICITADA (€)	% COFINANCIAMENTO DA XUNTA	

COFINANCIAMENTO POR OUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS

ENTIDADE	IMPORTE	%	ESTADO
			<input type="checkbox"/> CONCEDIDO <input type="checkbox"/> PENDENTE
			<input type="checkbox"/> CONCEDIDO <input type="checkbox"/> PENDENTE
			<input type="checkbox"/> CONCEDIDO <input type="checkbox"/> PENDENTE
TOTAL PORCENTAXE FINANC. PÚBLICO			TOTAL PORCENTAXE FINANC. PRIVADO

PRESENTA OUTROS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN NO OUTRAS ADM. PÚBLICAS SI (INDICAR CALES) NON

PROGRAMA	ENTIDADE SUBVENCIONADORA
Nº PROGRAMA PRESENTADOS NESTA CONVOCATORIA	ESTABLEZA O Nº DE ORDE DE PRIORIDADE DESTE PROGRAMA DE ENTRE OS PRESENTADOS

FINANCIAMENTO DO PROGRAMA (EN €)

ENTIDADE	IMPORTE	% SOBRE O CUSTO TOTAL
1 CUSTO TOTAL		100%
2 SUBVENCIÓN SOLICITADA		
3 OUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS (EUROPEAS, ESTATAIS, AUTONÓMICAS, LOCAIS)		
4 ACHEGA PROPIA DA ENTIDADE SOLICITANTE		
5 CONTRIBUCIÓN DO SOCIO LOCAL		
6 ACHEGAS PRIVADAS (IDENTIFICAR O ORGANISMO)		
7 OUTRAS PETICIÓNS REALIZADAS PENDENTES DE RESPONDA (IDENTIFICAR O ORGANISMO)		

POBOACIÓN BENEFICIARIA

GRUPOS SOCIAIS	<input type="checkbox"/> PROFESIONAIS	<input type="checkbox"/> COMUNIDADE	<input type="checkbox"/> OUTROS	<input type="checkbox"/> ADULTOS	<input type="checkbox"/> EDUCADORES
	<input type="checkbox"/> NENOS	<input type="checkbox"/> CAMPESIÑOS	<input type="checkbox"/> REFUXIADOS	<input type="checkbox"/> MOZOS	<input type="checkbox"/> MULLERES
	<input type="checkbox"/> UNIVERSITARIOS	<input type="checkbox"/> INDÍXENAS		<input type="checkbox"/> EMPRESARIOS	
Nº BENEFICIARIOS DIRECTOS	Nº BENEFICIARIOS INDIRECTOS	Nº HAB. MUNICIPIOS INTERVENCIÓN	Nº HAB. COMUNIDADES INTERVENCIÓN		

DATOS DA/S PERSOA/S RESPONSABLE/S DO PROGRAMA

PERSOA QUE PRESENTA O PROGRAMA		CARGO
<input type="text"/>		<input type="text"/>
NOME PERSOA RESPONSABLE XESTIÓN DO PROGRAMA EN GALICIA		CARGO
<input type="text"/>		<input type="text"/>
NOME RESPONSABLE LOCAL DO PROGRAMA		CARGO
<input type="text"/>		<input type="text"/>
ENDEREZO	TELÉFONO/S	ENDEREZO ELÉCTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Quen abaixo asina **DECLARA QUE** presta expresamente o seu consentimento para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do art. 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos arts. 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

DOCUMENTACIÓN**CARPETA 1: INFORMACIÓN RELATIVA Á ENTIDADE SOLICITANTE.****Documentación xeral:**

- a) Certificación asinada polo secretario da entidade referida:
-A vixencia da documentación relativa á inscrición da entidade no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.
-Se procede, acreditación como ONGD cualificada pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID).
- b) Declaración responsable do representante legal da entidade facendo constar que a entidade solicitante non está incurso en ningún procedemento de reintegro ou sancionador coa Xunta de Galicia por incumprimento das obrigas derivadas da recepción de subvencións e non foi inhabilitada para obtelas segundo modelo que figura coma anexo II.
- c) Declaración asinada polo representante legal da entidade en Galicia de que esta está ao día das súas obrigas tributarias e sociais ante as distintas administracións e facultando o órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.
- d) Declaración responsable do representante legal da entidade en que se precisen outras axudas solicitadas de entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.

Documentación específica:Bloque temático cuantitativo.

- Balance e conta de resultados anuais en Galicia, elaborados segundo o Plan Xeral de Contabilidade adaptado vixente, correspondentes, como mínimo, aos dous últimos exercicios económicos.
- Recursos humanos. Relación de acordo co modelo que consta no anexo III.
- Capacidade operacional. Relación de acordo co modelo que consta no anexo IV.

Bloque temático cualitativo.

A) Estrutura.

- Documentación da planificación estratéxica da entidade en Galicia en que se encadra a proposta de programa.
- Documentos que expliciten os sistemas de toma de decisións e participación da entidade en Galicia.
- Documento explicando a misión, visión e valores da entidade e o seu proceso de definición, quen participou nela e a súa forma de difusión.
- Documentación explicando os códigos de conduta, boas prácticas e bo goberno subscritos ou asumidos pola entidade solicitante.

B) Organización.

- Sistemas ou modelos de calidade implantados ou en proceso de implantación, da entidade en Galicia.
- Organigrama e descrición funcional da entidade en Galicia.
- Relación dos postos de traballo da entidade en Galicia, coa súa descrición de funcións, e sistema de provisión.

C) Actividade.

- Memoria de actividades da entidade solicitante dos últimos 5 anos.
- Informes de visitas de identificación, seguimento e avaliación de actividades realizadas desde a entidade en Galicia nos dous últimos anos.
- Grao de eficacia, impacto social e eficiencia das iniciativas ou proxectos levados a cabo pola ONGD ou delegación nas diferentes áreas de traballo.
- Informe ou resumo executivo das avaliacións externas realizadas nos últimos dous anos, da organización en Galicia.

D) Contorno.

- Documentación descritiva das relacións da entidade coa Administración autonómica e administracións locais.
- Documentación descritiva das relacións con outras ONGD e pertenza a redes.
- Documentación descritiva das relacións con beneficiarios e contrapartes.
- Documentación descritiva das relacións coa sociedade galega en xeral.

E) Xestión económica.

- Memoria económica da entidade en Galicia nos últimos dous anos.
- Orzamentos da entidade en Galicia, aprobados polo órgano competente, para o ano en curso.

CARPETA 2: INFORMACIÓN RELATIVA Á CONTRAPARTE LOCAL.

- Documentación acreditativa da representación legal da entidade: copia do documento en que se recolla o nomeamento do representante legal e do seu documento ou cédula de identidade.
- Documentación acreditativa da personalidade xurídica do socio ou contraparte local.
- Copia dos estatutos e do número de identificación fiscal da entidade ou similar, no caso que exista.
- Copia do balance de ingresos e gastos das dúas últimas liquidacións orzamentarias.
- Declaración do representante legal da entidade relativa á cuantificación do número de socios/as da entidade e descrición da vinculación existente entre a entidade e o persoal ao seu servizo.
- Memoria de actividades e traballos da entidade (como mínimo dos dous últimos anos).

CARPETA 3: INFORMACIÓN RELATIVA AO PROGRAMA.

- Orixinal do documento de formulación.
- Documento de formulación en soporte electrónico.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 18 de xullo de 2008, da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de programas de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.

SINATURA DO SOLICITANTE (RESPONSABLE ENTIDADE EN GALICIA)

Lugar e data

, de de

Secretario xeral de Relacións Exteriores

(A cubrir pola Administración)

RECIBIDO	Nº EXPEDIENTES _____	DATA DE ENTRADA ___/___/___
REQUIRIDO	DATA ___/___/___	XUSTIFICANTE DE RECEPCIÓN ___/___/___
RECIBIDO	___/___/___	
VALORACIÓN	DATA ___/___/___	PUNTUACIÓN _____
SUBVENCIONADO	€ _____	% TOTAL _____
RESOLUCIÓN	DATA ___/___/___	XUSTIFICANTE DE RECEPCIÓN ___/___/___
ACEPTACIÓN	<input type="checkbox"/> SI DATA ___/___/___	<input type="checkbox"/> NON
REFORMULACIÓN	<input type="checkbox"/> DATA ___/___/___	

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona _____, con DNI _____
 en nome propio ou en representación da entidade _____
 con CIF _____ e en calidade de _____
 da entidade

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Para os efectos do previsto no artigo 6, punto 1º b) da resolución pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de programas de cooperación ao desenvolvemento no exterior promovidos polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2008, que a citada entidade non está incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

, de de

(Sinatura)

ANEXO III

DOS RECURSOS HUMANOS

1.-Número de traballadores/as que integran o cadro de persoal medio en Galicia en cada un dos últimos dous anos.

Cadro medio dos últimos 2 anos	nº	<input type="text"/>
Cadro medio dos últimos 2 anos (traballadores/as fixos/as)	nº	<input type="text"/>
Cadro medio dos últimos 2 anos (traballadores/as temporais)	nº	<input type="text"/>
Páxina das contas anuais	exercicio	<input type="text"/> : páxina <input type="text"/>
	exercicio	<input type="text"/> : páxina <input type="text"/>

2.-Número de traballadores/as na data desta solicitude, especificando a tipoloxía do contrato.

Cadro actual	nº	<input type="text"/>
Cadro actual (traballadores/as fixos/as)	nº	<input type="text"/>
Cadro actual (traballadores/as temporais)	nº	<input type="text"/>

3.-Número de traballadores/as por posto, indicando se o posto é permanente ou non na estrutura da entidade.

<i>Nome do posto</i>	<i>Nº traballadores/as</i>	<i>Posto permanente ou non na estrutura da entidade</i>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

4.-Número de voluntarios/as da entidade en Galicia nos dous últimos anos.

Voluntarios/as nos últimos 2 anos	Nº de voluntarios/as no ano	<input type="text"/>	:	<input type="text"/>
	Nº de voluntarios/as no ano	<input type="text"/>	:	<input type="text"/>

5.-Número de socios/as da entidade en Galicia nos dous últimos anos.

Socios/as nos últimos 2 anos	Nº de socios/as no ano	<input type="text"/>	:	<input type="text"/>
	Nº de socios/as no ano	<input type="text"/>	:	<input type="text"/>

ANEXO IV

DA CAPACIDADE OPERACIONAL

1.-Volume de programas e proxectos no exterior, así como actividades formativas, de sensibilización e de consolidación e fortalecemento realizadas en Galicia, nos últimos cinco anos.

<i>Volumes de cooperación:</i>	<i>Nº de accións:</i>	<i>Volume en euros:</i>
-Programas no exterior.	<input type="text"/>	<input type="text"/>
-Proxectos no exterior.	<input type="text"/>	<input type="text"/>
-Actividades formativas.	<input type="text"/>	<input type="text"/>
-Actividades de sensibilización.	<input type="text"/>	<input type="text"/>
-Actividades de consolidación e fortalecemento.	<input type="text"/>	<input type="text"/>

2.-Antigüidade na actividade de cooperación.

Antigüidade na cooperación da entidade solicitante.	nº de anos: <input type="text"/>
--	----------------------------------

3.-Ámbitos xeográficos de presenza.

Presenza xeográfica.	<i>Relación de países:</i>
	<input type="text"/>

4.-Ámbitos sectoriais de presenza.

Presenza sectorial.	<i>Relación de sectores:</i>
	<input type="text"/>